



## Petróglifo do Castriño de Conxo<sup>1</sup>

---

### Acceso

Chégase a través da estrada nacional 550 que une Santiago co Milladoiro, na rúa Volta do Castro. Pouco despois de pasar os supermercados *Eroski* e *Lidl* e antes de chegar á rotonda hai que desviarse á dereita. Cóllese un camiño que pasa ao lado da empresa *Tredess 2010* e sobe ao **Castriño de Conxo**. A rocha encóntrase no parapeto do castro, ao lado do peche con rede metálica da *Finca da Rocha*, onde actualmente se encontra o restaurante *Alabarda*.



### Descrición

Esta é a estación rupestre máis destacada do **Parque Compostela Rupestre**, o **petróglifo de armas máis coñecido de Galicia**, o primeiro do seu tipo e ser descuberto no noroeste e un dos máis estudados polos investigadores.

---

<sup>1</sup> [https://compostelarupestre.gal/es/\\_petroglifo-castrillo-de-conxo-es](https://compostelarupestre.gal/es/_petroglifo-castrillo-de-conxo-es)  
<https://www.revistaesmas.com/petroglifo-de-conxo.html>

O achado realizouse a finais de maio de 1935 e o protagonista foi o mozo **Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza**<sup>2</sup>, que naquela altura contaba apenas 20 anos. Nese momento estaba na compañía do seu pai **Ramón Sobrino Buhigas**<sup>3</sup>, o primeiro gran estudoso da arte rupestre galega. O acontecemento debeu marcar a vocación posterior do mozo, que continuou por terras de Compostela o camiño iniciado polo seu proxenitor.



Ramón Sobrino Buhigas

Nese mesmo ano, en xullo, Sobrino Buhigas, publicaría a súa grande obra o **Corpus Petroglyphorum Gallaeciae**, na que non se chega a incluír o petróglifo de Conxo.

O achado tivo unha importancia transcendental, xa que se trataba da primeira estación coñecida con representacións de armas. Esta circunstancia permitiu facer unha primeira proposta cronolóxica para a arte rupestre galega a partir da tipoloxía das diferentes armas que aparecen no panel.



Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza

<sup>2</sup> **Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza**, naceu en Poio o 3 de marzo de 1915 e finou o 3 de febreiro de 1959. Era fillo de Ramón Sobrino Buhigas. Foi profesor de debuxo na Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela e membro da Real Academia Galega. Dirixiu diversas escavacións arqueolóxicas, centrando a maior parte dos seus traballos na arte rupestre prehistórica galega e continuando, en certa maneira, os traballos do seu pai. Tamén son destacables as súas intervencións arqueolóxicas sobre monumentos megalíticos na península do Morrazo, como por exemplo na Chan da Arquiña.

<https://colectivoarula.com/2015/09/10/ramon-sobrino-lorenzo-ruza-mestre-da-arqueoloxia-galega-nos-100-anos-do-seu-nacemento/>

<sup>3</sup> **Ramón Sobrino Buhigas**, naceu en Pontevedra en 1888 e finou en Valladolid o 6 de xuño de 1946. Era irmán do pintor Carlos Sobrino Buhigas e pai do arqueólogo Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza. Era fillo do médico **Luís Sobrino Rivas** quen fora fundador e secretario da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Estudou Ciencias Naturais na Universidade de Madrid, doutorándose en 1911. Entre ese ano e 1913 foi profesor da Universidade de Santiago de Compostela e da Escola de Artes e Oficios. Foi catedrático de Historia Natural en Lleida, Palma e Pontevedra, onde dirixiu o instituto até 1921. Despois estudou Odontoloxía en Madrid. En 1931 regresou a Santiago de Compostela, onde exerceu como odontólogo e como profesor de instituto e da Universidade. Foi membro da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Galegos e xefe da Estación Meteorolóxica de Pontevedra.

Os gravados sitúanse nunha rocha de granito duns 8 metros de longo e 3 de ancho, localizada xusto no parapeto dun poboado fortificado da Idade do Ferro, coñecido como o **Castriño de Conxo**<sup>4</sup>.

Ao longo da pedra pódense ver unha grande variedade de figuras entre as que se recoñecen 4 alabardas, 9 espadas, 2 puñais e 4 figuras triangulares. Estas últimas son as máis controvertidas, pois recibiron diferentes interpretacións entre os investigadores. A hipótese máis xeneralizada é que se trata dalgún tipo de escudo (escutiformes), pero tamén se interpretaron como ídolos, carros, figuras antropomorfas ou ata estandartes. O escutiforme máis completo constitúe tamén a imaxe máis coñecida e icónica do panel. A forma triangular presenta un apéndice con liñas paralelas no seu ángulo inferior, unha especie de coroa na zona superior tamén cunha serie de liñas paralelas e unha sorte de orelleiras nos laterais<sup>5</sup>.

En calquera caso, o vínculo destas representacións co mundo da guerra parece fóra de toda dúbida e o detalle na representación dalgúns puñais e alabardas, nos que aparecen os mangos, nervaduras e os remaches, permite identificalas como armas de cobre pertencentes aos primeiros momentos da metalurxia, na Idade do Bronce (entre finais do II milenio e comezos do II a. C.). Trátase de obxectos metálicos de prestixio, que estarían evidenciando un aumento da xerarquización social e o poder crecente das elites guerreiras.



---

<sup>4</sup> Malia a non ser tido obxecto de estudo, realizáronse diversas prospeccións arqueolóxicas que percibiron un recinto ovalado moi irregular. Nel atopáronse muíños de man e diversos anacos de cerámicas castrexas. Só un muro foi visible, de 5 metros de lonxitude por medio metro de altura.

<sup>5</sup> Neste enlace pode ver unha representación en 3D de Manuel Gago: <http://patrimoniogalego.net/index.php/883/2011/05/petroglifo-do-castrino-de-conxo/>

A presenza destes elementos antigos (Idade do Bronce), sobre un xacemento cronoloxicamente máis moderno (castro) é aínda discutido entre os arqueólogos. Algúns sosteñen que os gravados terían perdido o seu uso e significado na Idade do Ferro e outros argumentan que a construción de murallas e outros edificios sobre gravados anteriores non sería casual e poderían seguir xogando un papel relevante nestas sociedades.



As representacións de armas son pouco frecuentes no noroeste e as estacións que se coñecen actualmente están moi localizadas. Algunhas das máis importantes con figuras similares son **Pedra Ancha**<sup>6</sup> (Dumbría) e Auga da Laxe<sup>7</sup> (Gondomar).



### Visibilidade

É un dos petroglifos máis doados de ver practicamente a calquera hora do día e en calquera condición de luz. O motivos mellor conservados son ademais os máis icónicos, o escutiforme de maior tamaño, xunto cos puñais situados ao carón. Estan precisamente na zona que desenterraron os Sobrino en 1935 e por iso foron expostos a unha menor erosión. Con todo, a mellor hora para ver os gravados é a primeira hora da mañá, para aproveitar a luz rasante do sol, xa que todo o arco do sur e sueste atópase máis despexado de vexetación.

Con todo, atópase en completo estado de abandono, polo que non é fácil a súa visita, xa que se atopa cuberto de vexetación e arboredo. Está dividido por un aramado que o divide quedando gran parte do sitio en propiedade privada. Por riba disto, en maio de 2019 sufriu unha salvaxe vandalización cando o rascaron remarcando con pedra os sucros do petroglifo

<sup>6</sup> <http://patrimoniogalego.net/index.php/5650/2011/09/petroglifo-de-pedra-ancha/>

<sup>7</sup> <http://megaliticia.blogspot.com/2015/11/petroglifo-auga-da-laxe.html>